

A Coruña, 3 de maio de 2016

Máis de 1000 alumnos de Primaria participan nos Talleres Científicos de Fundación Repsol

Os Talleres Científicos de Fundación Repsol volven visitar A Coruña e Arteixo co obxectivo de fomentar entre os máis pequenos o gusto pola ciencia, achegando a tecnoloxía, a investigación e o traballo que se realiza nunha das maiores industrias da cidade.

Os Talleres Científicos de Fundación Repsol volven visitar A Coruña e Arteixo da man da Refinería. Esta mañá, tivo lugar no colexio Liceo A Paz da Coruña un dos 25 talleres que se están desenvolvendo desde o 18 de abril ata o 6 de maio nas instalacións de distintos centros educativos situados na contorna da Refinería.

En total está prevista a participación de 600 escolares nun taller denominado *A pelota tola!*, onde os alumnos se convierten en aprendices de físicos e químicos e realizan diversas actividades prácticas, nas que descubren porqué botan as pelotas, porqué anda un coche de corda, así como outros principios científicos.

Esta iniciativa de Fundación Repsol forma parte do programa *Aprendenerxía*, desenvolvendo proxectos educativos que espertan o interese dos mozos pola ciencia e a investigación,.

Así mesmo, os Talleres Científicos para escolares forman parte das actuacións que a Refinería de Repsol na Coruña desenvolve na súa contorna máis próxima.

Previamente, o 14 e 15 de abril, os Talleres Científicos tamén acudiron á primeira edición da Feira da Enerxía de Galicia e preto de 300 escolares de distintos centros educativos da comarca de Deza aprenderon as

claves da sustentabilidade e a eficiencia enerxética co taller *Con enerxías!*.

Os talleres no Día da Ciencia na Rúa

Os Talleres Científicos de Fundación Repsol tamén estarán na celebración do Día da Ciencia na Rúa (DCC) prevista para o vindeiro sábado, 7 de maio, no Parque Santa Margarita da Coruña.

Durante esta celebración prevese que máis de 200 nenos de entre 6 e 12 anos poderán achegarse á jaima número 34 da Refinería, que estará situada na rosaleta do parque, e descubrir as curiosidades da ciencia coa actividade titulada *Polimerizando!*. Neste taller os escolares familiarízanse con conceptos como mestura, densidade, reacción química e estado da materia. Entenderán as diferentes formas que poden adoptar os polímeros, as súas propiedades físicas e químicas, os diversos tipos e uso dos mesmos.